

Posted On 10 Junho, 2015

## Entrevista Luís Valle: “A poesía existe para dignificar a vida”

Ramiro Torres

– **Palavra Comum:** Que é para ti a poesía, e a arte, em geral (fotografia, etc.)?

– **Luís Valle:** A poesía son as dúas caras da moeda. É o alento feito voz, palabra vibrante da caluga ao cóccix. Apropiándome dun aforismo alleo, afirmaba Valéry que se un paxaro puidese dicir precisamente o que canta, porque o canta e que é o que nel canta, non cantaría.

No eido da creación plástica –que é o que coñezo un pouco máis–, calquera realización artística debe ter calidades poéticas, que permitan un diálogo singular co espectador.

– **Palavra Comum:** Como trabalhas no proceso de creación artística, no teu caso?

– **Luís Valle:** Non hai, propiamente, un proceso único. Tomo notas, aquilato ideas... A partir de aí todo vai acontecendo de xeito natural na cabeza e no corazón. Non adoito pensar en clave de poema, senón de libro e, cada vez máis, de obra.

– **Palavra Comum:** Qual consideras que é -ou deve/pode ser- a relación entre as diversas artes (literatura, música, audiovisual, etc.)?

– **Luís Valle:** As artes non son estancas e todas as relacións artísticas son desexables. En calquera caso, penso que tamén é importante un traballo persoal honesto e íntimo por parte das persoas que nos dedicamos á creación.

– **Palavra Comum:** Que referentes criativos tens (desde todo punto de vista)? Quais reivindicarias por serem pouco (re)conhecidos ainda?

– **Luís Valle:** De Dante e Shakespeare a Anibal Núñez e Lois Pereiro. De Goya e Claudio de Lorena a Cai Guo-Qiang e Esther Ferrer. De Dreyer e Bergman aos Cohen e Víctor Erice. De Bach e Mozart a Nick Cave e Extremoduro...

Sobre a segunda cuestión, opino que o recoñecemento é o de menos, pero vindicaría a lectura e o goce artístico do poeta Aquilino Iglesia Alvariño e de dous creadores actuais como son Isidro Novo e o pintor Quique Bordell.

– **Palavra Comum:** Que vínculos achas que há -ou deve haver- entre poesía e arte(s) e vida?

– **Luís Valle:** Non teño unha resposta certa. A poesía non existe para mellorar a vida desde un plano moral, pero si é un baluarte da empatía e a intelixencia. Ao meu ver, a poesía existe para dignificar a vida e ofrecer un testemuño sincero da humanidade.

– **Palavra Comum:** Que camiños (estéticos, de comunicación das suas creacións à sociedade, etc.) estimas interesantes para a arte (em geral) hoje, nomeadamente no que tem a ver com o contacto com o público?

– **Luís Valle:** O concepto de público resulta difuso. Dicia Mairéna –apócrifo de Antonio Machado–, que por moitas voltas que lle daba non atopaba maneira de sumar individuos... O contacto dáse entre a obra e a persoa que a contempla ou le, son as canles, os soportes e os medios os que mudan ao longo da historia.

Penso que hoxe lese mal, sen dedicarlle o tempo preciso nin a atención axeitada aos textos. Moitas das nosas reflexións desexarían ser epidérmicas, pero adoitan ser simplemente superficiais. No meu caso, os camiños que máis me presta percorrer e que máis me interesan son os próximos, os que permiten un delongado diálogo cara a cara, aqueles que teñen temperatura humana e afecto.

– **Palavra Comum:** Que projetos tens e quais gostarias chegar a desenvolver?

– **Luís Valle:** Normalmente escribo dous ou tres libros ao tempo. Ademais, estou traballando en dúas series de pinturas: *Lignes de fuite* e *Igrexa vermella*, e teño previsto acometer un proxecto de fotografía urbana.

– **Palavra Comum:** Que achas de Palavra Comum? Que gostarias de ver também aqui?

– **Luís Valle:** Acho que é un punto de encontro no que comezar algún deses delongados diálogos dos que falei antes. Respecto da segunda pregunta, a verdade, non boto nada en falla.

POSTED BY

Ramiro Torres

(Galiza) Ramiro Torres nasceu na Corunha no 1973 e estudou Graduado Social. Tem publicado poemas na revista 'Poseidónia' e 'Agália', assim como no blogues 'A fábrica' e 'A fábrica da preguiça'. Inaugurou as edições do Grupo Surrealista Galego com o seu livro "Esplendor Arcano".